

IV TORNEO SOCIAL CLUTECA

Regulamento do Torneo:

Para a inscrición terase que aceptar e cumprir tódalas medidas relativas os protocolos Covid 19.

A inscrición formalizarase ata o día 6/9 as 16h nos teléfonos: 650424134/35/36.

Soci@s gratuito/ Alumn@s escola 5€/ Resto veciñanza 10€.

O sorteo e horarios dos cadros realizarase as 20h do día 6, comezándose a xogar o venres 10/9.

- Haberá trofeo para campión e subcampión en todas as categorías. Haberá consolación en categorías con máis de 8 inscritos.
- Lugar de celebración: Pistas do CEIP de S.Roque.
- Aplicarase o regulamento RFET vixente.
- Os partidos xogaranse o mellor de 3 sets con super tie break en lugar de terceiro set.
- É obrigación dos xogadores enterarse da data e hora dos seus partidos. O Xuiz-Árbitro poderá aplicalo W.O. a todo xogador que non se presente a xogar 15 mín despois da hora oficial para o seu partido.
- Os horarios estarán expostos nos taboleiros habilitados a tal efecto nas pistas de S.Roque, na web do club: www.cluteca.com con suficiente antelación.
- O horario oficial da competición será de 10:00 a 22:00 Recórdase os xogadores con dificultades horarias que deberán comunicalas á organización no momento da inscrición. A organización tratará de satisfacer as necesidades dos participantes. Una vez confeccionados os horarios estes non serán alterados e por tanto non se accederá a cambios de horario.
- Tódalas cuestións que se susciten e non determinadas neste Regulamento serán resoltas pola Organización.
- As categorías que non reúnan un mínimo de xogador@s, poden non celebrarse.

As persoas inscrit@s no torneo autorizan ó Club de Tenis de Cangas, Cluteca, a utilizala súa imaxe para completar a información do torneo.